

## A/A SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Santiago, 1 de setembro de 2020

ANPE e FeSP-UGT xa indicamos que a Xunta de Galicia, despois da Conferencia Intersectorial do pasado xoves, non tería máis remedio que **proceder a rectificar o protocolo do mes de xullo**. O DOG do sábado 29 de agosto veunos dar a razón coa publicación da *ORDE pola que se aproba o Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de saúde pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e o control da infección polo SARS-CoV-2 e se ditan instrucións para a tramitación dos procedementos sancionadores nestes casos*. Esta orde obriga á necesaria **corrección** do PROTOCOLO do curso 2020-2021.

Esta esixencia sindical foi satisfeita no día de onte coa actualización do *PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021*.

A aplicación da distancia de seguridade a 1.5 metros, (medida que estas dúas organizacións xa sinalamos coma un dos aspectos centrais no retorno ao día a día das aulas) debe supoñer a baixada efectiva da rateo nas aulas do centros educativos. Será necesario efectuar desdobres, e polo tanto contratar novo profesorado nos centros de traballo.

Diante desta situación e co fin de garantir unha adxudicación de destinos coas máximas garantías e equidade posible **demandamos:**

1. Que se incorporen coa máxima celeridade, e sempre **antes da adxudicación definitiva** do CADP, as **novas prazas** que se teñen que crear.
2. Que ditas prazas sexan **vacantes de curso académico** e que non teñan que estar vinculadas ó contexto de alerta sanitaria COVID.

Por último, lembrarlle que a actualización deste PROTOCOLO hixiénico-sanitario debe ter a súa **concreción** no ámbito **organizativo e de recursos humanos** polo que seguimos a reiterar a petición de seren **convocados** á Mesa Sectorial para tratar estes aspectos.

Reciba un cordial saúdo,

Asdo.: Julio Díaz Escolante  
Presidente ANPE-GALICIA

Asdo.: Felipe Balboa Fernández  
Sº de Organización da FeSP-UGT de Galicia